**IES Xermán Ancochea (A Pobra de Trives-Ourense)**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

**CURSO 2019-2020**

**ÍNDICE**


**1 Introdución e contextualización (páx. 4.)**

**2 Educación secundaria obrigatoria (páx. 6)**

2.1. Obxectivos da etapa (páx. 6)

2.2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave (páx. 8)

2.3. Nivel 1º ESO (páx.11)

2.3.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx 11)

2.3.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx. 13)

2.3.3. Temporalización dos contidos (páx.17)

2.3.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 20)

2.3.5. Lecturas obrigatorias (páx.20)

2.4. Nivel 2º ESO (páx. 21)

2.4.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx. 21)

2.4.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx. 21)

2.4.3. Temporalización dos contidos (páx. 27)

2.4.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 30)

2.4.5. Lecturas obrigatorias (páx. 30)

2.5. Nivel 3º ESO (páx.31)

2.5.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx. 31)

2.5.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx 31)

2.5.3. Temporalización dos contidos (páx. 38)

2.5.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 40)

2.5.5. Lecturas obrigatorias (páx. 40)

2.6. Nivel 4º ESO (páx. 41)

2.6.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx. 41)

2.6.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx. 41)

2.6.3. Temporalización dos contidos (páx. 50)

2.6.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 52)

2.6.5. Lecturas obrigatorias (páx. 53)

**3. Bacharelato (páx. 54)**

3.1. Obxectivos da etapa (páx. 54)

3.2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave (páx. 55)

3.3. Nivel 1º Bacharelato (páx. 57)

3.3.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx. 57)

3.3.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx. 57)

3.3.3. Temporalización dos contidos (páx. 64)

3.3.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 66)

3.3.5. Lecturas obrigatorias (páx. 66)

3.4. Nivel 2º Bacharelato (páx.67)

3.4.1. Concreción dos obxectivos xerais da área (páx. 67)

3.4.2. Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave (páx. 67)

3.4.3. Temporalización dos contidos (páx. 73)

3.4.4. Contidos mínimos esixibles (páx. 74)

3.4.5. Lecturas obrigatorias (páx. 75)

**4. Procedemento para a realización da avaliación inicial (páx. 75)**

**5. Sistema de cualificación (páx. 76)**

**6. Avaliación extraordinaria de setembro (páx. 78)**

**7. Materias pendentes (páx. 79)**

**8. Perda do dereito a avaliación continua (páx. 81)**

**9. Normas do departamento relativas a exames ou probas escritas (páx. 81)**

**10. Metodoloxía didáctica e materiais curriculares (páx. 82)**

**11. Medidas de atención á diversidade (páx. 84)**

**12. Elementos transversais (páx. 86)**

**13. Actividades complementarias e extraescolares (páx. 86)**

**14. Contribución aos diferentes proxectos de centro (plan lector, Tics...) (páx. 87)**

**15. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente (páx. 87)**

**16. Procedementos para avaliar a aplicación da propia programación (páx. 88)**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta Programación Didáctica está elaborada seguindo as directrices marcadas pola seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo esta lexislación, o papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencencia, xa que nel recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

No contexto escolar un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión doutra lingua; as estratexias de

comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

As nosa materia ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achega as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, a materia de Lingua castelá e Literatura persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

En canto ás cuestións máis puramente lingüísticas relacionadas coa impartición desta área temos que facer algunhas apreciacións relacionadas co **contexto inmediato** no que imos realizar o noso labor:

- Partindo da observación directa, chégase á conclusión de que na maioría das familias se emprega habitualmente a lingua galega e, da mesma maneira, este uso tamén se estende ao resto das interaccións comunicativas.

- Non obstante, é certo que existe un certo retroceso do idioma galego no núcleo urbano da Pobra de Trives, pois aquí case se pode afirmar que é o castelán a lingua maioritariamente empregada, polo menos, á hora de iniciar unha conversa.

- Partindo dos datos tirados da enquisa realizada no curso 2014-15 polo Departamento de Dinamización Lingüística, sabemos que, dos alumnos/as que conforman o centro, a meirande parte teñen como lingua habitual só o galego, tanto na súa casa coma no centro educativo. Sen embargo, os usos lingüísticos están caracterizados por unha ampla diglosia e por unha mudanza en certas idades do galego polo castelán nas súas relacións sociais; co que os Departamentos de Lingua galega e Lingua castelá deben ter en conta os condicionantes sociolingüísticos á hora de normalizar os diferentes usos sociais das linguas.

Este Departamento, respondendo ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e xestión que a citada Lei Orgánica da educación lle atribúe aos centros educativos, adoptará medidas organizativas e curriculares de xeito que a programación didáctica se adecúe ás características do alumnado e ás posibilidades reais do centro (medios tecnolóxicos, recursos humanos e aulas dispoñibles para a creación de grupos de reforzo, etc).

O Departamento este ano está formado por unha soa profesora de Lingua e Literatura castelá (Zoraida Barral Rodríguez) que imparte clase na ESO e no Bacharelato.

## 2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 2.1 OBXECTIVOS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 2.2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:
- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Lingua Castelá e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Desde a área de Lingua Castelá e Literatura se desenrolan de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, e a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do home coa realidade, o mundo científico e o entorno medioambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

**Comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; polo tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores de dita competencia. Sen embargo, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.

• Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
• Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
• Manexar elementos da comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

**Competencia dixital**

A área de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática.

A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é esencial para o desenvolvemento da competencia dixital no alumnado.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:
• Empregar distintas fontes para a busca de información.
• Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
• Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar os distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento da produción literaria... fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

Traballamos, polo tanto, os seguintes descritores:
• Mostrar respecto cara o patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara as persoas que contribuíron o seu desenvolvemento.
• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotiá.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para acordar, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación pódese adestrar en Lingua Castelá e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propia da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

• Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que teñen que vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha constitución.

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

O adestramento do sentido da iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía do alumnado e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, o alumnado debe recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lle permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

• Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias

• Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

• Ser constante no traballo, superando as dificultades.

• Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.

• Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

•Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

• Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

• Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Aprender a aprender**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna recoñézanse a si mesmos como aprendices para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Castelá e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamiento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenrolar estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 2.3. NIVEL 1º ESO

### 2.3.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

O ensino da Lingua castelá na ESO contribuirá ao desenvolvemento dos seguintes obxectivos:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Reter información relevante e extraer informacións concretas como secuencias dunha tarefa sobre un texto oral.
3. Escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
4. Coñecer e aplicar estratexias de organización de contido e técnicas diversas que faciliten unha expresión oral coherente, cohesionada e de claridade expositiva.
5. Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe e enriquecemento persoal.
6. Elaborar producións orais propias con corrección gramatical que expresen mensaxes con sentido completo.
7. Ler, comprender e interpretar textos escritos de diferente intención comunicativa utilizando técnicas e estratexias diversas que faciliten dita comprensión.

8. Elaborar producións escritas seleccionando as técnicas apropiadas que permitan xerar textos adecuados, coherentes e cohesionados.
9. Recoñecer e utilizar algúns mecanismos de cohesión dos textos: algúns conectores e expresións referenciais.
10. Valorar a escritura como medio para mellorar as aprendizaxes e como estímulo do desenrolo persoal.
11. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción) e as súas características para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
12. Identificar e describir a estrutura das palabras e recoñecer os seus mecanismos de formación, utilizando estes coñecementos para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e a creación de textos.
13. Coñecer, identificar e utilizar conceptos relacionados co significado das palabras: denotación e connotación, sinonimia e antonimia, e tabú e eufemismo.
14. Coñecer e aplicar as regras ortográficas e o seu valor social en aras dunha comunicación eficaz.
15. Manexar o dicionario e outras fontes impresas e dixitais para resolver dúbidas sobre a linguaxe e enriquecer o vocabulario.
16. Coñecer e analizar os elementos constitutivos dunha oración simple e utilizalos na creación de oracións novas.
17. Coñecer e aplicar o uso dos sintagmas nominais, adxectivais, preposicionais, verbais e adverbiais nunha oración simple.
18. Coñecer a realidade plurilingüe de España.
19. Ler obras da literatura española e universal de todos os tempos como fonte de pracer, enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e a historia.
20. Ler, comprender, analizar algúns aspectos, valorar e emitir xuízos sobre diversos textos literarios.
21. Coñecer as características da linguaxe literaria e algúns recursos lingüísticos e o seu uso en contextos literarios.
22. Identificar e describir as características de obras de distintos xéneros literarios.

## 2.3.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación. | ▪ B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. | ▪ B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar. | ▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ h | ▪ B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. | ▪ B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.). | ▪ LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. | ▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. | ▪ B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | ▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións. | ▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. | ▪ B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | ▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións. | ▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social. | ▪ B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. | ▪ LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. | ▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | ▪ CD |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. | ▪ B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | ▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. | ▪ CSIE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. | ▪ B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | ▪ LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados. | | ▪ LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.<br>▪ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. | ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua. | ▪ B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario. | ▪ LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario. | ▪ CD |
| ▪ h | ▪ B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | ▪ LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos. | ▪ B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. | ▪ LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. | ▪ B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docnete e do ámbito social do alumnado. | ▪ LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura. | ▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. | ▪ LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa. | ▪ B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | ▪ LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. | ▪ CCEC<br>▪ CSIE |

### 2.3.3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

### 2.3.4. 1 ªavaliación

**Unidade 1**

- A comunicación e os seus elementos.
- Significado e sentido
- A lingua e a súa organización
- A literatura

**Unidade 2**

- As linguas de España
- As maiúsculas
- Formación de palabras
- Os recursos estilísticos

**Unidade 3**

- Os textos
- Palabras polisémicas
- A letra *b*
- O substantivo, os determinantes e o artigo
- Os temas literarios

**Unidade 4**

- Clases de textos
- Palabras sinónimas
- A letra *v*
- Os demostrativos, posesivos e cuantificadores
- Os xéneros literarios

**2ª avaliación**

**Unidade 5**

- A narración
- Palabras antónimas
- A letra *j*
- Relativos, interrogativos e exclamativos. A interxección
- A narrativa

**Unidad 6**

- A noticia
- Hipónimos e hiperónimos
- A letra *g*
- Os pronomes
- O conto

**Unidade 7**

- A descrición
- Os campos semánticos
- Principios de acentuación
- O adxectivo
- A lenda e o mito

**Unidade 8**

- Descrición de persoas e lugares
- Os campos léxicos
- Acentuación de ditongos e tritongos
- O verbo
- A novela

**3ª avaliación**

**Unidade 9**

- O diálogo
- Os dicionarios
- A acentuación dos hiatos
- A conxugación verbal
- A lírica

**Unidade 10**

- Clases de diálogo
- As palabras no dicionario
- O punto e a coma
- O adverbio. As preposicións e as conxuncións
- A estrofa e o poema

**Unidade 11**

- A descrición e o diálogo na narración
- As acepcións das palabras
- Os dous puntos
- Os grupos sintácticos
- O teatro

**Unidade 12**

- Linguaxe e Internet
- Os dicionarios dixitais
- Ortografía e Internet
- A oración. Suxeito e predicado
- A literatura e o cine

A programación recolle doce unidades didácticas que serán divididas, se o grupo o permite, en catro unidades por trimestre; seguíndose, aínda que con flexibilidade, a orde que figura no libro. Pola estruturación de cada un dos temas sobrenténdese que aspectos de cada un dos bloques de contidos traballaranse en todas as unidades, xa que estas presentan unha estruturación en **Comunicación**, **Gramática** e **Literatura** ao igual que o currículo.

### 2.3.5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Coñecer e identificar os principais elementos do proceso da comunicación.
2. Diferenciar tipos de textos segundo a forma do discurso predominante e segundo a intención do emisor.
3. Coñecer os elementos da narración, da descrición e do diálogo, e os seus tipos.
4. Escribir textos narrativos, descritivos e dialogados.
5. Diferenciar clases de palabras.
6. Coñecer e aplicar a conxugación verbal de verbos regulares e irregulares.
7. Diferenciar oracións, frases e sintagmas.
8. Identificar o suxeito e o predicado en oracións simples.
9. Coñecer e aplicar os métodos de formación de palabras.
10. Distinguir polisemia, sinonimia e antonimia.
11. Comprender o concepto de literatura, as súas características e finalidades
12. Coñecer, clasificar e caracterizar os principais xéneros e subxéneros literarios.
13. Coñecer e aplicar correctamente as regras ortográficas e os signos de puntuación.
14. Expresarse con corrección, adecuación e coherencia.

### 2.3.6. LECTURAS OBRIGATORIAS

Realizarase unha proba sobre a lectura obrigatoria de cada unha das avaliacións. A nota desta proba suporá un 10% da nota final da avaliación. As lecturas obrigatorias en cada avaliación serían as seguintes:

1ª avaliación: *Matilda,* Roald Dahl. Editorial Alfaguara.

2ª avaliación: *Los tres mosqueteros*, Alejandro Dumas. Editorial Vicens Vives (clásicos adaptados, Cucaña).

3ª avaliación: *20.000 leguas de viaje submarino,* Julio Verne. Editorial Anaya.

## 2.4. NIVEL 2º ESO

### 2.4.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

1. Identificar os elementos da comunicación e as principais funcións da linguaxe.
2. Identificar enunciados e as súas clases.
3. Identificar e redactar textos narrativos, descritivos e dialogados e os seus elementos esenciais.
4. Comprender o concepto de exposición, argumentación, persuasión e prescrición e as súas características e estrutura; construír textos expositivos, argumentativos, persuasivos e prescritivos.
5. Coñecer as clases de palabras e as súas funcións.
6. Identificar as funcións oracionais e construír enunciados que as conteñan.
7. Clasificar oracións simples de acordo coa súa natureza e a súa estrutura sintáctica.
8. Coñecer e aplicar a conxugación verbal dos verbos regulares e irregulares.
9. Identificar perífrases verbais.
10. Recoñecer os verbos pronominais.
11. Comprender o concepto de xénero literario e identificar os trazos fundamentais de cada xénero.
12. Coñecer os principais subxéneros.
13. Comprender os trazos esenciais de prosa e verso.
14. Coñecer os principios métricos fundamentais.
15. Coñecer as principais estrofas e poemas, analizar a métrica de diversos poemas e diferenciar a lírica culta e a lírica popular.
16. Identificar os elementos básicos dunha narración e do teatro.
17. Comprender e comentar un texto seguindo unhas pautas dadas.
18. Coñecer e aplicar correctamente as regras ortográficas e os signos de puntuación

### 2.4.2 VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo. | ▪ B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. | ▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación. | ▪ B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. | ▪ B1.4. Comprender o sentido global de textos orais. | ▪ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. | ▪ CSIE |
A programación recolle doce unidades didácticas que serán divididas, se o grupo o permite, en catro unidades por trimestre; seguíndose, aínda que con flexibilidade, a orde que figura no libro. Pola estruturación de cada un dos temas sobreenténdese que aspectos de cada un dos bloques de contidos traballaranse en todas as unidades, xa que estas presentan unha estruturación en **Comunicación**, **Gramática** e **Literatura** ao igual que o currículo.

## 2.5.4. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Lectura comprensiva, análise, interpretación e creación de textos orais e escritos en calquera tipoloxía textual.
2. Produción de textos orais e escritos.
3. Expresión oral e escrita con coherencia, corrección e propiedade.
4. Recoñecer e analizar os distintos elementos que interveñen nunha narración, nunha descrición, nun diálogo, nunha exposición e nunha argumentación.
5. Coñecer as funcións e as principais características dos medios de comunicación.

   Recoñecer a estrutura dunha noticia.

7. Distinguir entre palabras simples, derivadas e compostas.
8. Elaborar familias de palabras.
9. Coñecer e aplicar a conxugación verbal.
10. Diferenciar as clases de palabras.
11. Empregar os métodos de recoñecemento das funcións sintácticas na análise de oracións.
12. Recoñecer as características dos textos, xéneros, principais períodos, autores e obras da literatura da Idade Media, Renacemento e Barroco.
13. Analizar e interpretar textos destas épocas literarias.

## 2.5.5. LECTURAS OBRIGATORIAS

Realizarase unha proba sobre a lectura obrigatoria de cada unha das avaliacións. A nota desta proba suporá un 10% da nota final da avaliación. A superación desta proba será de carácter obrigatorio para a superación da avaliación.

As lecturas obrigatorias en cada avaliación serían as seguintes:

1ª avaliación: *Los instantes perfectos,* Ana Alonso. Editorial Oxford .

2ª avaliación: *Lazarillo de Tormes*. Editorial Vicens Vives (clásicos adaptados).

3ª avaliación: *Novelas Ejemplares,* Miguel de Cervantes. Editorial Vicens Vives (clásicos adaptados) .

## 2.6. NIVEL 4º ESO

### 2.6.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

1.Identificar e analizar as características dun texto: adecuación, coherencia, cohesión.

2.Analizar a función dos marcadores do discurso.

3.Identificar os textos narrativos, descritivos e dialogados, os seus elementos e a súa estrutura.

4.Identificar os trazos principais dos textos expositivo, argumentativo e prescritivo.

5.Coñecer o papel dos medios de comunicación na sociedade actual e a súa linguaxe.

6.Comprender o concepto de publicidade: funcións, clases e linguaxe.

7.Identificar a modalidade das oracións.

8.Recoñecer clases de sintagmas e as súas funcións.

9.Diferenciar os distintos tipos de oracións compostas.

10.Identificar e diferenciar palabras patrimoniais, cultismos, arcaísmos e neoloxismos.

11.Recoñecer os procedementos de formación de palabras.

12.Recoñecer acurtamentos, acrónimos e siglas.

13.Distinguir préstamos lingüísticos e estranxeirismos.

14.Recoñecer termos hiperónimos e hipónimos, sinónimos, antónimos, homónimos, homófonos e parónimos.

15. Identificar palabras tabú e eufemismos.

16.Recoñecer locucións.

17.Coñecer o contexto histórico-social, características, autores e obras da literatura romántica, realista, do Modernismo e a xeración do 98, da literatura de entreguerras, da literatura da época franquista e da literatura actual.

18. Coñecer e aplicar as regras xerais de ortografía e de puntuación.

### 2.6.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | Lingua Castelá e Literatura. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral. | ▪ B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. | ▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ m | ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. Diálogo. | ▪ B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. | ▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | ▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h | ▪ B1.3. Observación e comprensión do sentido global de debates, coloquios, entrevistas e conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a e aplicación das normas básicas que regulan a comunicación. | ▪ B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais. | ▪ LCLB1.3.1. Escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB1.3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.3.3. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.3.4. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais. | ▪ B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.). | ▪ LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.5. Valoración da lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta. | ▪ B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta. | ▪ LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta. | ▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B1.6. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público e dos instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais. | ▪ B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo. | ▪ LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | entre discursos formais e espontáneos. | |
| | | | ▪ LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.). | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.7. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas de cortesía da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate. | ▪ B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. | ▪ LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.8. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións. | ▪ LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación. | ▪ CCEC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.1. Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.<br>▪ B2.2. Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.<br>▪ B2.3. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados. | ▪ B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos | ▪ LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.3. Infire a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas. | ▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.1. Coñecemento e uso progresivo de técnicas e estratexias de comprensión escrita.<br>▪ B2.2. Lectura comprensiva, interpretación e valoración de textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.<br>▪ B2.3. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados. | ▪ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos. | ▪ LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica). | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCLB2.2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaas entre si e co contexto, secuénciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.4. Actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura. | ▪ B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais. | ▪ LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de | ▪ B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos | ▪ LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | obtención de información. | nun proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión.<br>▪ B2.7. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados. | ▪ B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | ▪ LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.5.5. Avalía, utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.8. Produción de textos escritos e audiovisuais propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral. | ▪ B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso. | ▪ LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCLB2.6.6. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.). | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B2.9. Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de | ▪ B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como | ▪ LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h | comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional. | estímulo do desenvolvemento persoal. | ▪ LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios. | ▪ CD |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.1. Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das categorías gramaticais, con especial atención ao adxectivo, aos tipos de determinantes e aos pronomes. | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes. | ▪ LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.2. Observación, reflexión e explicación dos valores expresivos e do uso das formas verbais en textos con diferente intención comunicativa. | ▪ B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen. | ▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B3.3. Observación, reflexión e explicación do uso expresivo dos prefixos e sufixos, recoñecendo os que teñen orixe grega e latina, explicando o significado que lle achegan á raíz léxica e a súa capacidade para a formación e a creación de novas palabras. | ▪ B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego. | ▪ LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízaos para deducir o significado de palabras descoñecidas. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h | ▪ B3.4. Observación, reflexión e explicación dos niveis de significado de palabras e expresións no discurso oral ou escrito. | ▪ B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen. | ▪ LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.5. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre a normativa e o uso non normativo das palabras, e interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e uso). | ▪ B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma. | ▪ LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma. | ▪ CD |
| ▪ h | ▪ B3.6. Observación, reflexión e explicación dos límites sintácticos e semánticos da oración simple e a composta, das palabras que | ▪ B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas. | ▪ LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | relacionan os grupos que forman parte desta e dos seus elementos constitutivos. | | ▪ LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B3.7. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas na escritura para obter unha comunicación eficiente. | ▪ B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | ▪ LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.8. Observación, reflexión, explicación e uso dos trazos característicos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, con especial atención aos discursos expositivos e argumentativos. | ▪ B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas. | ▪ LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízaas nas propias producións orais e escritas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.). | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízaos nas producións propias. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B3.9. Observación, reflexión e explicación do uso de conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos). | ▪ B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B3.10. Coñecemento dos rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais, e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado segundo as condicións da situación comunicativa. | ▪ B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento. | ▪ LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos. | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil. | ▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura. | ▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes. | ▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCLB4.2.3. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. | ▪ B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. | ▪ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas. | ▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ c | ▪ B4.2. Aproximación ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIll aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc. | ▪ B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVlll aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados. | ▪ LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVlll aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados. | ▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa. | ▪ B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | ▪ LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. | ▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B4.4. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas. | ▪ B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información. | ▪ LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos. | ▪ CD |

### 2.6.3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

### 1ªavaliación

### Unidade 1

- O texto : coherencia e cohesión
- O léxico do castelán: derivación, composición e parasíntese
- Clases de palabras
- A Ilustración. O Neoclasicismo

**Unidade 2**

- O texto: adecuación e corrección
- O léxico do castelán: palabras patrimoniais e cultismos
- Clases de sintagmas
- O Romanticismo

**Unidade 3**

- A narración
- O léxico do castelán: arcaísmos e neoloxismos
- Complementos do verbo
- O Realismo

**Unidade 4**

- A descrición
- O léxico do castelán: préstamos e estranxeirismos
- A oración
- Modernismo e Xeración do “98”

**2ª avaliación**

**Unidade 5**

- Textos instructivos
- Procedementos de formación de palabras: prefixos e sufixos
- Clases de oracións
- O Novecentismo e as Vangardas

**Unidade 6**

- Textos expositivos
- Procedementos de formación de palabras: acurtamentos, acrónimos e siglas
- A oración composta
- A Xeración do “27”

**Unidade 7**

- Textos argumentativos
- Polisemia e homonimia
- A oración composta: coordinación e
- xustaposición

. A poesía de posguerra

**Unidade 8**

- O texto dialogado
- Sinonimia e antonimia
- Oracións subordinadas substantivas
- A novela de posguerra

**3ª avaliación**

**Unidade 9**

- Os xéneros xornalísticos (I)
- Hiperonimia e hiponimia
- Oracións subordinadas adxectivas
- O teatro de posguerra

**Unidade 10**

- Os xéneros xornalísticos (II)
- Significado denotativo e connotativo
- Oracións subordinadas adverbiais (I)
- A novela actual

**Unidade 11**

- Usos e ámbitos dos textos
- Creación de novos significados
- Oracións subordinadas adverbiais (II)
- A poesía e o teatro actuais

**Unidad 12**

- O texto publicitario
- Valoración das palabras
- Análise e construción de oracións compostas
- A literatura hispanoamericana no século XX

**2.6.4. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

1. Lectura comprensiva, análise, interpretación e creación de textos orais e escritos en calquera tipoloxía textual (narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación).
2. Expresión oral e escrita con adecuación, cohesión, coherencia e corrección.
3. Análise, recoñecemento e caracterización dos medios de comunicación (radio, televisión...).
4. Uso das novas tecnoloxías como instrumento de traballo e documentación.

5. Coñecemento dos elementos formais e mecanismos das linguas nos seus diferentes planos.

6. Recoñecemento e análise de textos da literatura hispánica desde o Neoclasicismo ata os nosos días, características, obras e autores representativos.

7. Coñecemento das principais tendencias prosísticas e líricas hispanoamericanas, obras e autores.

8. Lectura e comentario de textos literarios hispánicos desde o Neoclasicismo ata os nosos días, e hispanoamericanos do S. XX.

9. Actitude crítica ante o contido ideolóxico dos anuncios publicitarios e ante os seus mecanismos de persuasión.

10.Conciencia da lingua como instrumento comunicativo en conexión con outros códigos.

11. Valoración das contribucións doutras linguas á propia.

12. Valoración do texto literario como manifestación dunha época.

13. Interese polo uso correcto da lingua e por unha ortografía correcta nas producións propias.

14. Aprecio pola claridade e o rigor expositivo nas intervencións orais.

**2.6.5. LECTURAS OBRIGATORIAS**

Realizarase unha proba sobre a lectura obrigatoria de cada unha das avaliacións. A nota desta proba suporá un 10% da nota final da avaliación. A superación desta proba será de carácter obrigatorio para a superación da avaliación.

As lecturas obrigatorias en cada avaliación serían as seguintes:

1ª avaliación: *Rimas y leyendas* de Becquer

2ª avaliación: *Historia de una escalera*, Antonio Buero Vallejo.

3ª avaliación: *El guardián entre el centeno*, Salinger.

# 3. BACHARELATO

## 3.1. OBXECTIVOS DA ETAPA

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 3.2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

**1º Comunicación lingüística.**
**2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
**3º Competencia dixital.**
**4º Aprender a aprender.**
**5º Competencias sociais e cívicas.**
**6º Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.**
**7º Conciencia e expresións culturais**.

A Lingua e Literatura de 1º de Bacharelato pretende que o alumnado adquira as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son **aprender a aprender** e **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, e a **competencia dixital**, relacionada coa busca de información.

A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística**. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas búscase que o alumnado sexa competente en: a) a comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula; e b) a expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisas e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

A **competencia matemática** e **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naqueles textos relacionados co medio ambiente e a ciencia.

A **competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para recadar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación.

O carácter abstracto dunha grande parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos da aprendizaxe e de tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso.

Todo isto fai que a **competencia aprender a aprender** se traballe en practicamente todas as unidades. O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborativo de diálogo e debate e das verquidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos, incluídos nas mensaxes publicitarias. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe de España e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido da iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades que requiren a achega de ideas, análises sistemáticas, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade, resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na Internet.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais**. Por un lado, o libro ofrece unha grande cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, relaciónase con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un acicate para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario.

### 3.3. NIVEL 1º BACHARELATO

### 3.3.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

1. Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
2. Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
3. Escoitar aos demais e interpretar correctamente as súas ideas.
4. Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
5. Entender textos de diversos xéneros.
6. Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
7. Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
8. Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
9. Escribir textos coherentes e adecuados.
10. Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
11. Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
12. Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
13. Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
14. Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
15. Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.
16. Formarse como lectores cultos e competentes.
17. Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura española.
18. Achegarse aos xéneros literarios.
19. Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
20. Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura española e universal de todos os tempos.

### 3.3.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | Lingua Castelá e Literatura I. 1º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.1. Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa. | ▪ B1.1. Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde preestablecida e utilizando as técnicas de exposición oral e as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ LCL1B1.1.1. Realiza exposicións orais sobre temas especializados, consultando fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información e seguindo unha orde previamente establecida. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCL1B1.1.4. Avalía as súas propias presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detecta as dificultades estruturais e expresivas, e deseña estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B1.2. Textos expositivos e argumentativos orais.<br>▪ B1.3. Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo. | ▪ B1.2. Sintetizar por escrito o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, videoconferencias, etc., discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos. | ▪ LCL1B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo, de temas especializados e propios do ámbito educativo, discriminando a información relevante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B1.2.2. Recoñece as formas de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor, e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B1.2.3. Escoita de xeito activo, toma notas e suscita preguntas coa intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B1.4. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos. | ▪ B1.3. Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. | ▪ LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social. | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LCL1B1.3.2. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. | ▪ CSC |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.1. A comunicación escrita no ámbito educativo.<br>▪ B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo. | ▪ B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa. | ▪ LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCL1B2.1.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo. | ▪ B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos. | ▪ LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a, tema e xénero textual). | ▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.3. Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade. | ▪ B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. | ▪ LCL1B2.3.1. Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e a estrutura do texto, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B2.3.2. Interpreta diversos anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | discriminatorias. | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B2.4. Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora. | ▪ LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos. | ▪ CD |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.<br>▪ B3.4. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos.<br>▪ B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.<br>▪ B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais. | ▪ B3.1. Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua. | ▪ LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ e | ▪ B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.<br>▪ B3.4. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos.<br>▪ B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.<br>▪ B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais. | ▪ B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos. | ▪ LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e os valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores do artigo determinado e do indeterminado, e de calquera tipo de determinantes, en relación coa súa presenza ou ausencia coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.9. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos. | ▪ B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua. | ▪ LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas, impersoais e medias, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.3.4. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas de relativo, identificando o antecedente que modifican. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.3.5. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando progresivamente estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.10. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual. | ▪ B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa. | ▪ LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B3.11. Recoñecemento e explicación das propiedades textuais. Os seus procedementos. Modalidade. | ▪ B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión. | ▪ LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.5.2. Identifica, analiza e interpreta as formas gramaticais que fan referencia ao contexto temporal e espacial, e aos participantes na comunicación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.5.3. Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención comunicativa e do resto dos elementos da situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e de subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B3.12. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información. | ▪ B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ LCL1B3.6.1. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CD |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.13. Coñecemento e explicación da pluralidade lingüística de España. As súas orixes históricas. | ▪ B3.7. Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do | ▪ LCL1B3.7.1. Explica, a partir dun texto, a orixe e a evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural. | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | noso país. | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.14. Recoñecemento e explicación das variedades funcionais da lingua. | ▪ B3.8. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos. | ▪ LCL1B3.8.1. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL1B3.8.2. Explica, a partir dos textos, a influencia do medio social no uso da lingua, e identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos que supoñen unha valoración pexorativa cara ás persoas usuarias da lingua. | ▪ CSC |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.15. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LCL1B3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B3.16. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCL1B3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas. | ▪ B4.1. Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas. | ▪ LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao século XIX. | ▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ c | ▪ B4.2. Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas.<br>▪ B4.3. Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas. | ▪ B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas. | ▪ LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCL1B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas e constata a evolución de temas e formas. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m | ▪ B4.3. Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.<br>▪ B4.4. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc. | ▪ B4.3. Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. | ▪ LCL1B4.3.1. Interpreta criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. | ▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.5. Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.<br>▪ B4.6. Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo. | ▪ B4.4. Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor. | ▪ LCL1B4.4.1. Planifica a elaboración de traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ LCL1B4.4.2. Obtén a información de fontes diversas. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCL1B4.4.3. Argumenta con rigor o seu propio xuízo crítico. | ▪ CCL |

### 3.3.3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

**1ª avaliación:**

**Bloque 1**. Comunicación oral: escoitar e falar

Unidade 1: A comunicación.

**Bloque 2**. Comunicación escrita: ler e escribir

Unidade 2 : O texto. Clases de textos.

Unidade 3: As modalidades textuais.

**Bloque 3**. Coñecemento da lingua

Unidade 4: Significado e contexto.

**Bloque 4**.Educación literaria
Unidade 12: A literatura.
Unidade 13: A literatura medieval.
Unidade14:A literatura do século XV
Unidade 15: A literatura do século
XVI.

**2ª Avaliación:**
**Bloque 3**. Coñecemento da lingua
Unidade 5:Morfoloxía: estrutura e
clases de palabras
Unidad 6: Estruturas sintácticas.
Unidade 7: Funciones sintácticas.
Unidade 8: Clases de oracións.

**Bloque 4**. A educación literaria
Unidade 16: A prosa e o teatro do século XVI.
Unidade 17: A poesía do século XVII.
Unidade 18: A narrativa barroca.

**3ª Avaliación:**
**Bloque 3**. O coñecemento da lingua
Unidade 9: A coordinación e a subordinación.
Unidade 10: Variedades da lingua.
Unidade 11: A situación lingüística de España.

**Bloque 4**. A educación literaria
Unidade 20: A literatura do século XVIII.
Unidade 21: A literatura romántica.
Unidade 22: A literatura realista e naturalista.

A organización dos contidos anteriores tentará combinar as diferentes competencias e contidos de forma equilibrada en cada avaliación, alternando con flexibilidade temas de lingua con temas de literatura. Sen embargo, estes poden variar lixeiramente na súa organización en función das

modificacións que o profesor considere oportunas e en función das necesidades específicas do alumnado.

### 3.3.4. CONTIDOS MÍNIMOS

Xa que o bacharelato é voluntario para os alumnos, consideramos como contidos mínimos esixibles, para que un alumno supere de xeito positivo este 1º curso do bacharelato, todos os contidos tanto comúns, como específicos, deste primeiro curso.

### 3.3.5. LECTURAS OBRIGATORIAS

Realizarase unha proba sobre a lectura obrigatoria de cada unha das avaliacións. A nota desta proba suporá un 10% da nota final da avaliación. As lecturas obrigatorias en cada avaliación serían as seguintes:

1ª avaliación: Don Quijote de la Mancha, 1ª parte, Miguel de Cervantes. Adaptación de Eduardo Alonso Ed. Vicens Vives

2ª avaliación: Don Quijote de la Mancha, 2ª parte, Miguel de Cervantes. Adaptación de Eduardo Alonso Ed. Vicens Vives

3ª avaliación: *La vida es sueño,* Calderón de la Barca. Editorial Vicens Vives.

### 3.4 NIVEL 2º BACHARELATO

### 3.4.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

1.Coñecer o desenvolvemento e as características do español de América.

2.Recoñecer as coincidencias e diferenzas entre a norma hispanoamericana e a peninsular a través de manifestacións orais e escritas.

3.Recoñecer a adecuación, a coherencia e a cohesión nun texto.

4.Coñecer os diferentes xéneros xornalísticos.

5. Diferenciar en textos diversos a información da opinión.

6.Identificar o tema e a estrutura dos textos xornalísticos.

7.Tomar conciencia dos mecanismos de persuasión e manipulación que emprega a linguaxe xornalística.

8.Identificar as clases de palabras.

9.Adquirir coñecementos sintácticos para utilizalos na comprensión, a análise e o comentario de textos, e na planificación, a composición e a corrección das propias producións.

10.Recoñecer sintagmas e a función que desempeñan.

11.Recoñecer as oracións compostas por coordinación e os seus tipos.

12.Recoñecer os distintos tipos de subordinadas e as súas funcións.

13.Coñecer e empregar os valores das distintas formas verbais.

14.Identificar as perífrases verbais e os seus distintos tipos.

15.Respectar as normas ortográficas e as relativas á combinación de unidades da lingua.

16.Coñecer os períodos literarios que abarcan desde o século XX ata a actualidade, tendo en conta o contexto, características, xéneros, autores e obras máis importantes.

17. Realizar comentarios críticos e literarios de textos.

18. Analizar un texto literario recoñecendo os seus principais trazos e os recursos expresivos máis relevantes.

19.Empregar técnicas adecuadas á presentación da información.

20.Recoñecer as distintas relacións léxicas e semánticas que se poden dar entre as palabras.

### 3.4.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | Lingua Castelá e Literatura II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clav |
| | Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar | | | |
| h | ▪ B1.1. Comunicación oral non espontánea nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. A súa caracterización. | ▪ B1.1. Escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e co resto dos factores da situación comunicativa. | ▪ LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero textual e o resto dos elementos da situación comunicativa. | ▪ CCL |
| d<br>e<br>g | ▪ B1.1. Comunicación oral non espontánea nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial. A súa caracterización. | ▪ B1.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos. | ▪ LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante. | ▪ CAA |
| d<br>e<br>g | ▪ B1.2. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos e de opinión. Publicidade. | ▪ B1.3. Extraer información de textos orais xornalísticos e publicitarios procedentes dos medios de comunicación social, recoñecendo a intención comunicativa, o tema, a estrutura e o contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. | ▪ LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias. | ▪ CSC |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h<br>m | ▪ B1.3. Presentación oral: planificación, documentación, avaliación e mellora. | ▪ B1.4. Realizar unha presentación educativa oral sobre un tema controvertido, contrapondo puntos de vista enfrontados, defendendo unha opinión persoal con argumentos convincentes e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora. | ▪ LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas orais de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou da actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais ou gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión da presentación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ LCL2B1.4.4. Exprésase oralmente con claridade, precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa, e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CAA |
| | Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>l | ▪ B2.1. Comunicación escrita nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: elementos; xéneros textuais.<br>▪ B2.2. Análise e comentario de textos escritos do ámbito educativo. | ▪ B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización. | ▪ LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para mellorala. | ▪ CCL |
| b<br>h<br>l | ▪ B2.3. Planificación, realización, revisión e mellora de textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos. | ▪ B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa. | ▪ LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CAA |
| b<br>e<br>h | ▪ B2.3. Planificación, realización, revisión e mellora de textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos. | ▪ B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora. | ▪ LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo. | ▪ CD |
| | | | ▪ LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía… | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>g<br>h | ▪ B2.1. Comunicación escrita nos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial: elementos; xéneros textuais.<br>▪ B2.2. Análise e comentario de textos escritos do ámbito educativo. | ▪ B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa. | ▪ LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, e cita encuberta) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Coñecemento da lingua | | | |
| d<br>e | ▪ B3.1. Análise e explicación do léxico castelán e dos procedementos de formación. | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo. | ▪ LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas. | ▪ CAA |
| e | ▪ B3.2. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.3. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.<br>▪ B3.4. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.<br>▪ B3.5. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.6. Determinantes: tipoloxía e usos.<br>▪ B3.7. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes: relacións gramaticais.<br>▪ B3.8. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.<br>▪ B3.9. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais. | ▪ B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos. | ▪ LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé. | ▪ CSC |
| d<br>e | ▪ B3.10. Observación, reflexión e explicación do significado das palabras. Denotación e connotación. | ▪ B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen. | ▪ LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e | ▪ B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos. | ▪ B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas. | ▪ LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada. | ▪ CCL |
| d<br>e | ▪ B3.11. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.<br>▪ B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade. | ▪ B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua. | ▪ LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua. | ▪ CSIEE |
| d<br>e<br>m | ▪ B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.<br>▪ B3.14. Observación, reflexión e explicación da deíxe temporal, espacial e persoal. | ▪ B3.6. Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa. | ▪ LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma. | ▪ CAA |
| e | ▪ B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.<br>▪ B3.13. Identificación e uso dos recursos expresivos que marcan a obxectividade e a subxectividade.<br>▪ B3.14. Observación, reflexión e explicación da deíxe temporal, espacial e persoal. | ▪ B3.7. Explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos. | ▪ LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>d<br>e | ▪ B3.12. Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade. | ▪ B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el. | ▪ LCL2B3.8.1. Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste. | ▪ CCL |
| a<br>e<br>h | ▪ B3.15. Coñecemento e explicación do español actual. O español na rede. Situación do español no mundo. O español de América. | ▪ B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valor as súas variantes. | ▪ LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital. | ▪ CSC |
| | | | ▪ LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes. | ▪ CSC |
| i<br>l | ▪ B3.16. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | ▪ LCL2B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| g<br>h | ▪ B3.17. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Educación literaria | | | |
| d<br>h<br>i | ▪ B4.1. Estudo cronolóxico das obras máis representativas da literatura en español do século XX ata os nosos días. | ▪ B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos. | ▪ LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas. | ▪ CCEC |
| d<br>h<br>i<br>c | ▪ B4.2. Análise de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. | ▪ B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas. | ▪ LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas. | ▪ CCEC |
| d<br>h<br>i<br>m | ▪ B4.3. Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc. | ▪ B4.3. Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. | ▪ LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. | ▪ CSC |
| g | ▪ B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura do século XX ata os nosos días. | ▪ B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal. | ▪ LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal. | ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g | ▪ B4.4. Planificación e elaboración de traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura do século XX ata os nosos días. | ▪ B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información. | ▪ LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema. | ▪ CAA |

### 3.4.3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS 1ª avaliación:

Bloque 1: Comunicación

Unidade 1: Orixe e desenvolvemento do castelán.

Unidade 2: O español actual. Características.

Unidade 3: As variedades dialectais do castelán. O español de América.

Bloque 3. Coñecemento da lingua

Unidade 10: O texto. Coherencia e cohesión.

Unidade 2: A oración simple.

Unidade 3: coordinación e xustaposición

Bloque 4. Educación literaria

Unidade 4: Modernismo e Xeración do “98”

Unidade 5: Novecentismo e Vangardas.

**2ª Avaliación:**

Bloque 1. Comunicación

Unidade 4: as linguas constitucionais. O bilingüismo.

Unidade 5: Tipos de textos. O texto científico-técnico.

Unidade 6: os textos humanísticos.

Bloque 3. Coñecemento da lingua

Unidade 4: Subordinación substantiva e adxectiva.

Unidade 5: Subordinación adverbial propia.

Unidade 6: Subordinación adverbial impropia

Bloque 4. A educación literaria

Unidade 6: A Xeración do “27”

Unidade 7: A literatura de posguerra (1940-1950).

**3ª Avaliación:**

Bloque 1. A Comunicación

Unidade 7: Textos xurídicos e administrativos.

Unidade 8: Textos xornalísticos.

Unidade 9: A publicidade.

Bloque 3. Coñecemento da lingua

Unidade 7: A estrutura das palabras.

Unidade 8: Semántica e léxico.

Unidade 9: As palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Bloque 4. A educación literaria

Unidade 8: A literatura a partir de 1960.

Unidade 9: A literatura hispanoamericana no século XX.

*A organización dos contidos anteriores terá carácter orientativo e poderá sufrir algunha modificación en función do alumnado e do material empregado. Para este 2º curso de Bacharelato prescindirase dun libro de texto. Este terá carácter complementario xunto con apuntamentos e actividades de reforzo (fotocopias, fichas, breves esquemas conceptuais, resumos, fragmentos de textos literarios...) que se consideren necesarios ao longo do curso.

En todo caso, tentará combinar as diferentes competencias e contidos de forma equilibrada en cada avaliación, alternando con flexibilidade temas de lingua con temas de literatura, e estará dirixida á correcta adquisición dos coñecementos precisos para superar a proba de acceso aos estudios universitarios.

### 3.4.3. CONTIDOS MÍNIMOS

Xa que o Bacharelato é voluntario para os alumnos, consideramos como contidos mínimos esixibles, para que un alumno supere de xeito positivo este 2º curso do Bacharelato, todos os contidos tanto comúns, como específicos, deste segundo curso.

### 3.4.4. LECTURAS OBRIGATORIAS

Realizaranse probas sobre as lecturas obrigatorias marcadas para a realización das probas de acceso aos estudios universitartios. Estas probas terán como única finalidade comprobar se o libro se leu realmente e non influirán na calificación da proba da evaluación, agás no caso de que non sexan superadas. De ser así, descontaránse 0`5 puntos na calificación de dita evaluación.

As lecturas fixadas para este segundo curso son as seguintes:

F. GARCÍA LORCA: *Romancero gitano.*

A. BUERO VALLEJO*: La fundación.*

ALMUDENA GRANDES: *El lector de Julio Verne*

G. GARCÍA MÁRQUEZ: *Crónica de una muerte anunciada*

*Estes libros serán traballados mediante unha guía de lectura que o profesor proporcionará ao alumnado.

## 4. PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio de cada curso da ESO, farase un cuestionario con preguntas básicas e xerais relacionadas co temario do curso anterior, o que lle indicará ao profesorado os coñecementos que ten o alumnado, actividade importante xa que nos permite impartir a materia co nivel axeitado segundo os resultados obtidos en ditos cuestionarios e detectar alumnado con posibles adaptacións curriculares.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

• Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

• Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).

• Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

•Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

•Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.

•Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Os resultados desta proba só se terán en conta á hora de adecuar o nivel de partida do proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións

**5. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

**A) AVALIACIÓN DE CADA TRIMESTRE: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Realizarase polo menos un exame escrito por avaliación. Estes exames serán datados co consenso do alumnado, que será debidamente informado de cal é a parte da materia da que se vai examinar.

- Así mesmo, ao longo do curso, o profesor decidirá e informará ao alumnado con tempo suficiente, se inclúe nalgún destes exames materia correspondente a temas ou avaliacións anteriores que considere necesario asentar ou sexa preciso recuperar. Se ben no caso da parte de lingua o normal é que os contidos sexan progresivos e polo tanto no exame seguinte se recuperaría a parte non aprobada; no caso da literatura podería optarse por exames específicos de recuperación das partes suspensas.

- Posto que a avaliación é continua, queda ao criterio do profesor facer cantas probas, orais ou escritas curtas, considere oportunas para coñecer o máis obxectivamente posible o aproveitamento de cada alumno. Ditas probas non serán necesariamente acordadas cos alumnos, pois consistirán en preguntas destinadas a comprobar a correcta fixación dos coñecementos e destrezas básicas recollidas nos mínimos esixibles.

- Farase unha proba para avaliar a lectura obrigatoria dun libro por avaliación, fixado previamente polo Departamento. A non superación desa proba nos cursos da ESO presupón a non superación da avaliación (cuxa nota será valorada numericamente cun 4), se ben a lectura poderá ser recuperada mediante algunha cuestión formulada polo profesor nalgún dos exames correspondentes á avaliación seguinte. A cuantificación na nota global é dun 10%.A ortografía e a presentación teranse moi en conta nos exames e traballos. Nos cursos da ESO descontarase 0,1 por cada falta grave de ortografía (por grave enténdese o emprego incorrecto de grafías) e no caso dos tiles descontarase 0,1 por cada dous tiles incorrectamente escritos; en BACHARELATO descontarase 0,15 por cada falta grave (uso incorrecto de grafías) e cada dous tiles postos incorrectamente ou non empregados tamén se descontará 0,15. En todos os casos, o máximo que se poderá descontar por esta causa será 2 puntos.

- O nivel acadado no aproveitamento dos contidos, consecución de obxectivos e adquisición de competencias básicas concretarase nunha nota numérica que reflicta a media de todas as

puntuacións obtidas polo alumnado nas probas efectuadas ao longo do trimestre. Para a ESO, as probas escritas relacionadas cos contidos suporán un 80% da nota (agás para 1º da ESO onde suporán un 70%, mentres que o traballo diario neste curso suporá un 10% ao igual que a actitude e a lectura obrigatoria); a actitude e o traballo diario suporán un 10%; e a lectura obrigatoria tamén suporá un 10%. No Bacharelato, as probas relacionadas cos contidos suporán un 90%; o 10% restante sería para a lectura, aínda que en 2º Bac ese 10% reservaráse para o grado de participación, traballo diario, asistencia, etc.

- A nota media farase atendendo aos resultados das probas escritas. O profesor poderá outorgar distinto peso ás mesmas en función do volume de contidos que se avalíen nelas, indicando claramente ao alumnado esta circunstancia antes da súa realización.

- Se nalgún dos exames escritos, a cualificación obtida non supera o 3'5 (sen descontar o perdido polas faltas de ortografía), procederase do seguinte xeito:

- Se a nota media fose igual ou superior a 5, a cualificación do trimestre será un 4.

- Se non se dá a situación anterior, o redondeo á alza ou á baixa de dita nota media farase observando os seguintes puntos:

- Realización constante das tarefas propostas
- Entrega de traballos no prazo indicado polo profesor
- Resultados acadados en probas orais efectuadas polo profesor no transcurso habitual da clase, destinadas a comprobar a correcta fixación dos coñecementos e destrezas básicas
- Corrección no comportamento na aula
- Esforzo e interese
- Atención ás explicacións do profesor e participación na clase
- Asistencia e puntualidade

## B) AVALIACIÓN FINAL: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións de cada trimestre (sempre e cando teña dúas avaliacións aprobadas como mínimo e a avaliación suspensa non sexa a terceira, e en ningunha delas a nota baixe dun 3) e será un reflexo do traballo xeral do/a alumno/a ao longo de todo o curso, así como do nivel acadado no aproveitamento dos

contidos, consecución de obxectivos e adquisición de competencias básicas. Pero ademais, como a materia ten carácter progresivo, a evolución dun alumno/a ao longo de todo o ano será tida en conta.

- Obviamente, ao longo do curso o profesor poderá realizar as probas de recuperación que xulgue oportunas.

- Baixo as consideracións anteriores, o redondeo á alza ou á baixa de dita nota media farase observando os puntos que se detallan a continuación:

- Superación das probas de recuperación realizadas

- Evolución do alumno a mellor ou a peor conforme avanzou o curso

- Constancia, esforzo e interese no traballo diario
- Entrega de traballos nos prazos indicados polo profesor

- Resultados acadados en probas ou preguntas efectuadas polo profesor no transcurso habitual da clase, destinadas a comprobar a correcta fixación dos coñecementos e destrezas básicas

- Corrección no comportamento na aula

- Atención ás explicacións do profesor e participación na clase

## 6. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Nas datas que dispoña o centro, efectuaranse os exames de setembro para que o alumnado que non acadou unha avaliación positiva en xuño poida aprobar a disciplina.

Esta proba será común para todo o alumnado dun mesmo nivel, que será avaliado respecto aos mínimos esixidos correspondentes especificados nesta programación, non tendo, nesta convocatoria extraordinaria, ningún outro criterio para a cuantificación que a nota nela obtida.

A redacción dos exames de setembro fará referencia aos mínimos esixibles de cada nivel especificados nesta programación. Para acadar unha avaliación positiva en setembro é necesario obter no exame unha nota igual ou superior a 5

## 7. MATERIAS PENDENTES

### A) Na ESO

Este Departamento acorda que o alumnado cunha materia pendente seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas.

Os alumnos e alumnas coa materia de Lingua Castelá pendente de cursos anteriores contarán cun " programa específico personalizado" que constará de actividades personalizadas propostas polo Departamento para realizar e entregar e que serán corrixidas polo docente que lle imparta Lingua este curso.

Os contidos que serán avaliados son aqueles que foron desenvolvidos ao longo do curso cursado anteriormente e no que obtiveran cualificación negativa.

O Departamento de Lingua, de cara á avaliación do alumnado coa materia de Lingua pendente de cursos anteriores, establece un procedemento baseado en:

a) Elaboración de actividades que se entregarán cada trimestre e se devolverán corrixidas tamén no trimestre, que se poderán repartir en varias entregas para facilitarlle o traballo ao alumnado.
b) Realización dunha, ou varias probas, (orais ou escritas) que consistirán na exposición de varios dos exercicios propostos ou outros similares aos das actividades realizadas trimestralmente.
c) Atención e valoración da nota acadada polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións do curso no que se atopa.
d) Realización dunha proba final de avaliación.

**Procedemento de avaliación.**

O Departamento de Lingua, de cara á avaliación dos alumnos e alumnas coa materia de Lingua pendente de cursos anteriores, acorda o seguinte:

-O Xefe do Departamento encargarase da coordinación e avaliación dos alumnos coa materia de Lingua pendente de cursos anteriores.

-O seguimento e corrección das actividades propostas de xeito trimestral será efectuado polo profesor da materia do curso actual do alumno/a.

Considerarase que un alumno/a terá superada a materia pendente dun curso anterior cando se cumpra algunha das seguintes opcións:

**Opción 1.-**

a) Entregue, ao profesor encargado do seu seguimento, os exercicios propostos, ben feitos e no prazo que se lle sinale.

b) Supere, cunha nota maior ou igual a cinco (5), a proba -ou probas- relativas aos exercicios propostos.

**Opción 2.-**
Acade, na proba final de avaliación unha cualificación maior ou igual a cinco (5).

Sen prexuízo de todo o anterior, dado o carácter progresivo dos contidos de Lingua en secundaria, se un alumno vai obtendo resultados positivos no proceso de avaliación continua no nivel no que está matriculado e, como consecuencia, aproba o curso actual, considerarase superada a Lingua pendente dos niveis anteriores.

**Cualificación das materias pendentes**
No caso de recuperar unha materia pendente por calquera das dúas opción anteriores, a cualificación final de xuño na citada materia será un 5.

**Avaliación das materias pendentes en setembro**
No mes de setembro realizaranse as probas extraordinarias para a recuperación das materias pendentes. Ditas probas farán referencia aos mínimos esixibles da materia dos niveis non superados, serán elaboradas polo Xefe do Departamento e contarán coa aprobación dos demais membros do Departamento.

- Considerarase que unha materia está superada cando a nota do exame sexa igual ou superior a 5.

Con respecto á recuperación das materias pendentes en setembro, cómpre sinalar que non será suficiente aprobar o exame de Lingua dun nivel determinado para aprobar automaticamente a Lingua pendente de niveis anteriores, senón que será obrigatorio presentarse a todos os exames correspondentes ás materias suspensas e aprobalos cunha nota igual ou superior a 5.

**B) No BACHARELATO**
**1º Bacharelato**
Neste curso non hai materias pendentes de cursos anteriores por ser o primeiro da etapa de Bacharelato.
**2º Bacharelato**
O Xefe de Departamento é o encargado da recuperación da materia de Lingua castelá para aqueles alumnos que se atopen cursando 2o de Bacharelato e a teñan suspensa do curso anterior. A materia a recuperar é a impartida no curso anterior.

O profesor, de acordo cos alumnos/as, fixará as datas dos exames parciais (un por avaliación) . Realizarase, asemade, un exame final en data fixada pola Dirección do centro.

Se un alumno non recupera a materia ao longo do curso, deberá acudir á proba extraordinaria de setembro.

**Procedementos para a cualificación das materias pendentes**

A nota que levará o alumno na materia pendente, en cada unha das dúas primeiras avaliacións do curso, será a nota do exame.

A nota final da avaliación de xuño será a media aritmética dos tres exames parciais previstos, sempre que teña polo menos dous aprobados (igual ou máis de 5 puntos). En caso contrario, deberá recuperar os parciais suspensos no exame final.

Considérase aprobada a materia pendente se a nota media é igual ou superior a 5. Na convocatoria de setembro a cualificación da materia pendente será a nota do exame.

## 8. PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

No caso de que un alumno/a, polo motivo que sexa, perda o dereito á avaliación continua polo número de faltas de asistencia acumuladas, este terá dereito a facer un exame único da materia en xuño, na que non se lle terán en conta posibles notas que puidera ter no tempo que aínda non perdera este dereito.

A cualificación dese alumnado será única e exclusivamente a nota desa proba.

Se esa proba non é superada (menos de cinco puntos), terá dereito, como o resto do alumnado, a unha proba extraordinaria en setembro.

## 9. NORMAS DO DEPARTAMENTO RELATIVAS A EXAMES OU PROBAS ESCRITAS

A Orde de 28/08/1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos establece que as probas, exercicios ou traballos escritos que se utilicen para decidir a nota das avaliacións, ou a de final de curso, ou a de setembro, poderán ser revisadas polos alumnos co profesor.

Polo tanto, este Departamento acorda que, dentro dos prazos axeitados, o alumnado e/ou seus pais ou titores legais poden revisar un exame en presenza do profesor, pero non se autoriza a extracción do centro dun exame corrixido nin tampouco unha copia ou reprodución dixital do mesmo.

Do mesmo xeito, e en xeral, non se repetirán os exames a aqueles alumnos que non comparezan aos mesmos e a nota do mesmo será a nota mínima, exceptuando os casos nos que se achegue un certificado médico xustificando a falta de asistencia, ou se poida alegar un problema familiar de carácter grave. Se un alumno chega tarde a unha proba, e con posterioridade a que algún dos alumnos que asistiu teña rematado e saído do lugar de celebración da mesma, non poderá entrar e

figurará como non presentado e non se repetirá.

En calquera caso, é obrigatorio por parte dos alumnos responder a calquera proba escrita con bolígrafo azul ou negro. Calquera resposta dada con lapis, portaminas ou bolígrafo vermello ou verde, non será avaliada, nin corrixida, nin puntuada, senón que recibirá o tratamento correspondente a unha resposta en branco.

No caso de coller a algún alumno copiando nun exame se lle retirará o mesmo e o exame contará como suspenso (cualificación: 0 puntos)

## 10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS CURRICULARES.

Os alumnos e as alumnas posúen en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua e Literatura, o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario. Primarase, metodoloxicamente, o enfoque pragmático ou comunicativo, xa que a materia de lingua é fundamental para a construción e adquisición de coñecementos noutros ámbitos. Imponse diversificar as tarefas da clase de lingua máis aló da adquisición do coñecemento gramatical, xa que o século XXI trae consigo un novo modelo de alfabetización que comporta saber buscar a información así como tratala e comunicala de forma ética.

Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan o proceso de ensinanza-aprendizaxe na área de Lingua castelá e Literatura son os seguintes:

- A ensinanza-aprendizaxe da lingua é comunicación. Esta área terá como fin último o desenvolvemento da comprensión e a produción de textos orais e escritos.

- A ensinanza da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática. Nesta área, proporcionaranse coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas.

A ensinanza da lingua debe fomentar a creatividade. Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade da lingua e a literatura. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e comprensión dos seus mecanismos.

- A ensinanza da lingua debe adecuarse ao suxeito da aprendizaxe. A metodoloxía axustarase ao desenvolvemento socio- afectivo, persoal e cognitivo do alumnado. Así, teremos en conta os coñecementos e destrezas que é capaz de adquirir conforme a súa idade e a proximidade e interese temático dos contidos cos que exercitará as destrezas comunicativas.

- A ensinanza da lingua debe fomentar o hábito de ler e gozar como lector/a. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua encontra na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, animarase ao alumno á lectura, adestrándoo na técnica lectora, e, sobre todo, transmitíndolle o gusto polo acto de ler.
- A ensinanza da lingua require a reflexión sobre a mesma. O dominio das destrezas básicas encontra na reflexión sobre a lingua un instrumento clave para a súa aprendizaxe e consolidación, ao mesmo tempo que permite o coñecemento dunha importante disciplina científica. A metodoloxía considera e dá prioridade a esta reflexión co obxecto de facilitar e consolidar as destrezas básicas.

Estes criterios metodolóxicos xerais serán aplicados para todos os cursos de igual forma, do mesmo modo que estoutros puntos particulares.

A división das clases xira en dúas direccións:
Unha de carácter máis teórico, desenvolvida polo profesor naqueles apartados máis específicos e técnicos; e tamén polos alumnos naqueles apartados nos que poidan seleccionar por si mesmos a información esencial do tema que se trate, sempre coa guía e asesoramento do profesor.
Outra de carácter práctico, con actividades, que servirá ao alumnado para traballar pola súa conta e para converterse nos protagonistas da súa aprendizaxe.
Esta metodoloxía permite que sexa unha aprendizaxe participativa, cuxo punto de partida é a motivación adecuada do alumnado. As exposicións teóricas non serán excesivamente longas e alternaranse coa realización de actividades por parte dos discentes; de tal maneira que se rompa a súa pasividade inicial e se impliquen máis na materia de estudo. Esta participación dos mesmos será cada vez maior; mentres que o papel do/a profesor/a se limitará ao dun moderador, asesor e guía. Este método conduce ao alumnado á reflexión e obrígalle a extraer as súas propias conclusións.
No caso do Bacharelato, ademais de todo isto, como criterio metodolóxico básico, temos que resaltar que se facilitará e impulsará o traballo autónomo do alumno e, simultaneamente, se estimularán as súas capacidades para o traballo en equipo, e se potenciarán as técnicas de investigación e as aplicacións e transferencias do aprendido á vida real. Non debemos esquecer que esta materia adquire todo o seu sentido cando podemos aplicar o aprendido a moitos aspectos da vida.
Toda programación require uns materiais para a súa posta en marcha. Os alumnos e as alumnas disporán de cantos recursos e materiais se consideren adecuados para o seu desenvolvemento, así como dos materiais curriculares necesarios para poñer en práctica o proxecto pedagóxico do centro
Estes materiais son:
-Libro de texto (utilizaremos a **editorial Santillana, serie Comenta**, desde 1º a 4º da ESO e en 1º

BAC.): enténdese como transmisor de información e medio de adquisición de coñecementos. O material escrito posúe certa proxección psicosociolóxica, en canto que unha persoa con capacidade de acceso a determinadas fontes de información é un ser con maior potencial educativo. O material escrito é unha importante fonte de información e pode servir de guía ao profesor no que respecta ao contido que imparte e á orde de impartición, ademais de ser un dos determinantes básicos do desenvolvemento concreto do currículo.

-Novas técnicas de traballo (busca de información en redes, test dixitais, dicionarios on-line...). -Estratexias tradicionais: uso de dicionarios, bibliotecas, prensa...

-Textos que resulten de interese para alumnos e alumnas coa finalidade de acercalos á lectura, como fonte de pracer e de formación, cómics, anuncios publicitarios, fotos...

- Películas de vídeo, cd's, música, diferentes audicións.

-Mapas conceptuais e esquemas.

-Pizarra tradicional e dixital.

-Proxector.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste centro, e respecto a esta materia, lévanse a cabo medidas de atención á diversidade tanto ordinarias e habituais como específicas e extraordinarias.

- Do <u>primeiro grupo</u> contémplanse as seguintes:
- Orientación educativa
- Grupos de reforzo
- Desdobres
- Outras: entrega de actividades e material específico no caso de alumnado que solicite ou desexe un maior afondamento no estudo dun tema ou da materia, ou no caso de alumnos/as que soliciten puntualmente axuda para repasar ou afianzar os coñecementos dun tema

Do <u>segundo</u> tipo son:

- Adaptacións curriculares

### Grupos de reforzo

Neste centro consideramos que os grupos de reforzo deben ser unha axuda para aqueles alumnos que por diversos motivos non teñan acadado os niveis de coñecementos mínimos requiridos para o curso no que se atopen, e que presenten uns perfís actitudinais axeitados.

Ao tratarse de grupos reducidos a atención poderá ser máis individualizada e, como consecuencia, os alumnos/as sentiranse máis motivados ao ver avances no seu proceso de aprendizaxe, co que é de esperar que mellore tamén a súa actitude cara unha disciplina na que teñen especiais dificultades.

No presente curso organizarase un desdobre e un grupo de reforzo en 2º ESO. Por necesidades do centro, a súa composición decidirase tras unha avaliación inicial, e tendo en conta as recomendacións da xunta de avaliación final do curso pasado e as da avaliación inicial, prevista para o mes de outubro.

Outro aspecto a sinalar é que a composición deste grupo será aberta, é dicir, que se un alumno supera ao longo do curso as carencias polas que foi incluído nun grupo poderá regresar ao grupo de referencia (**NOTA**: *esta medida non se aplica; máis ben ao contrario: se un alumno ten bo rendemento no AE tratamos de que continúe con esa medida de reforzo)* e do mesmo xeito, poderá incorporarse calquera que co aumento lóxico das dificultades segundo se avanza na materia, precise máis atención do profesor. Estes cambios produciranse despois da celebración de cada unha das avaliacións. Por suposto, se algún alumno/a non amosa a disposición precisa, actitude e interese, deixará de formar parte do grupo de reforzo.

Como consecuencia das observacións anteriores, os criterios de avaliación e os contidos tratados nos grupos de reforzo serán tales que ao termo do curso se acaden os mínimos esixidos, e se permita a mobilidade de alumnado durante o curso en función da súa evolución sen que o cambio de grupo ocasione trastornos derivados da diferenza de nivel. Isto é, que nos grupos de reforzo os profesores observarán os seguintes aspectos:

- Os contidos e criterios de avaliación farán referencia aos mínimos esixibles do curso de referencia.

- A metodoloxía será a mesma que no grupo de referencia, pero incidindo no carácter individualizado do ensino. Neste apartado farase énfase na potenciación dos conceptos elementais, aos que lles haberá que dedicar a maior cantidade de tempo posible. Para iso acudirase con frecuencia ao repaso de coñecementos de cursos anteriores, coa fin de conseguir o seu asentamento e de poder construír os novos a partir deles, permitindo unha aprendizaxe significativa.

- Os instrumentos e procedementos de avaliación, e os criterios de cualificación, serán os mesmos que nos grupos de referencia (probas escritas, traballo na aula...) especificando que en todo caso, serán probas e traballos adaptados ao nivel que se estea dando
- En canto ao material didáctico, partindo do mesmo, o profesor poderá engadir canto considere necesario segundo as especiais características do alumnado.

**Adaptacións curriculares**

O Departamento de Lingua castelá colaborará co Departamento de Orientación en todas as cuestións que obedezan ás adaptacións curriculares.

Nos cursos en que hai alumnado con necesidades educativas especiais, cada profesora ou profesor de Lingua traballará co profesorado do Departamento de Orientación que os atenda durante as súas clases en todo aquilo que se necesite.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A formación do alumno, e aí están os obxectivos que se pretenden alcanzar nesta etapa educativa e con esta materia, transcende o puramente disciplinar. Independentemente do coñecemento científico, hai outros contidos educativos imprescindibles na súa formación como cidadán: a educación para a paz, para a saúde, para a igualdade de sexos, educación ambiental, educación sexual e educación do consumidor, todos eles de carácter transversal. O seu tratamento metodolóxico estará condicionado pola súa inclusión nas determinadas unidades didácticas.

Poden aparecer en textos seleccionados: xa porque aparezan cuestións relacionadas con eles nos textos literarios de estudo, xa porque se desprendan da análise do texto en cuestión: nun texto xurídico, xornalístico ou científico.

Nas actividades: os temas transversais empréganse como xeradores das actividades de lingua oral (debates, exposicións...) e das actividades de lingua escrita (informes, artigos de opinión...)

No estudo directo: por exemplo, na situación lingüística de España (educación para a paz, educación moral e cívica), na linguaxe publicitaria (educación do consumidor)...

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares previstas para este curso en función da oferta cultural, intereses e dispoñibilidade, son as seguintes:

*Participación nas diferentes actividades organizadas polo Equipo de Dinamización Lingüística e pola Biblioteca do centro.

*Asistir á representación dalgunha obra de teatro en Ourense. O Departamento estará pendente do calendario de representacións nesa cidade e máis en concreto pola adaptación que fan de clásicos da nosa literatura asociacións como Eina d'escola.

*Actividades de dinamización da linguaxe literaria (contacontos, talleres literarios, etc.)

*Posible realización de roteiros literarios de autores representativos da Literatura castelá nados en Galicia.

Estas actividades, de realizárense, poderían organizarse con outros departamentos do centro,

fomentando deste xeito a interdisciplinariedade e sempre tendo en conta a idoneidade das mesmas e a adecuación aos contidos traballados durante o curso.

## 14. CONTRIBUCIÓN AOS DIFERENTES PROXECTOS DE CENTRO (PLAN LECTOR, Tics...)

Realmente non especificaremos polo miúdo, neste apartado, o modo en que esta área contribúe no fomento das novas tecnoloxías e da lectura xa que, especialmente no caso da segunda, esta é obvia e aparece especificada nos estándares de aprendizaxe de cada curso.

A área de Lingua e Literatura castelá ten como un dos obxectivos básicos o dominio das catro destrezas comunicativas básicas (falar, escoitar, ler e escribir). Estas serán adquiridas polo alumnado nos diferentes niveis educativos con diferente grao de complexidade e en diferentes situacións comunicativas; por tanto a actividade lectora ten necesariamente que estar presente nas súas múltiples manifestacións: textos xornalísticos, libros de lectura de diferentes xéneros... e tamén na consulta e procura de información na web.

Tamén estableceranse, por avaliación, unha serie de lecturas obrigatorias adecuadas a idade dos alumnos para fomentar o hábito lector; e se lles recomendará a posibilidade de ler outras a maiores durante o curso.

A competencia dixital adquírese nesta área nos diferentes cursos mediante a procura, selección e análise crítica de información en diferentes medios, a elaboración de traballos monográficos de diferente tipo mediante procesadores de textos, PowerPoint, a audición e visualización de curtametraxes, filmes e cancións que serán tratados e traballados con diferente nivel de afondamento segundo a idade e capacidade.

No curso de 1º da ESO os recursos dixitais habituais noutros niveis educativos vense acrecentados por pertencer este grupo ao proxecto Abalar, co cal a posibilidade de ter un ordenador por alumno/a facilita a adquisición da competencia dixital (dependerá, en boa medida, da formación ofrecida para aplicar este proxecto).

## 15. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Partindo dos criterios de avaliación que figuran no currículo estableceremos catro niveis de adquisición:

- Nivel 1: en vías de adquisición
- Nivel 2: adquirido
- Nivel 3: avanzado

- Nivel 4: excelente

## 16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A APLICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

O Departamento reunirase polo menos unha vez ao mes para coordinarse, detectar problemas de aprendizaxe nos diferentes niveis, analizar o ritmo das clases e ver se fai falta facer algunha modificación na programación. Despois de cada avaliación o Departamento reunirase para facer unha análise e valoración da programación por curso que atenderá aos seguintes indicadores:

| ASPECTOS QUE HAI QUE AVALIAR | HAI QUE DSTACA... | HAI QUE MELLORAR | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estrategias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Interdisciplinariedade | | | |

Do mesmo modo, na Memoria de fin de curso do Departamento farase de novo unha análise e

valoración da programación seguindo os parámetros marcados desde a Xefatura de Estudos.

Ana Rosa Otero Pérez
**(Xefa de Departamento)**